

- 1 Le atentamente este resumo tres veces.

O avó de Paulo xa non ten a cabeza como a tiña antes. Esquécese das cousas e dos seus nomes, así que lle cambia o nome a todo, incluso ao seu neto. Para o seu avó, Paulo é Simbad o Mariñeiro e ao seu redor só hai barcos piratas por todas as partes, cargados de filibusteiros dispostos a atacar.

Os pais de Paulo non entenden as ideas do avó, así que deciden envialo a unha residencia a pesar das protestas do seu querido neto. Mais a súa relación non remata aí, porque o avó consegue escapar e comunícase con Paulo a través de pistas que lle vai deixando para que o atope, coma se se tratase da busca dun tesouro!

Así, Paulo comeza unha investigación digna dunha verdadeira historia de piratas, na que atopará o avó tras descifrar as súas mensaxes secretas. Desta maneira, Paulo non só descubrirá cousas da vida do seu avó que antes non coñecía, senón que tamén loitará por recuperar o seu avó e conseguir facerlles entender aos seus pais que o máis importante é permanecer xuntos.

Resumo da obra de FRANCISCO CASTRO: *Chamádeme Simbad*, Editorial Galaxia.

- 2 Tapa o texto anterior cun papel e ordena estas oracións segundo a orde en que suceden no texto anterior.

- 4 O avó escapa da residencia.
- 6 Paulo descifra as mensaxes do avó e atópao.
- 3 Os pais de Paulo envían o avó a unha residencia.
- 1 O avó de Paulo comeza a esquecerse das cousas.
- 5 O avó envíalle a Paulo pistas para que o encontre.
- 7 Os pais de Paulo entenden o seu erro e aceptan de novo o avó.
- 2 O avó cámbialle o nome a Paulo polo de Simbad o Mariñeiro.

- 3 Sen destapar aínda o texto, escribe os personaxes que aparecen no resumo e os elementos das historias de piratas que se mencionan.

Personaxes

..... Paulo, avó, pais de Paulo.

Elementos
piratas

..... Filibusteiros, tesouros, barcos.

- 1 Le o resumo en voz alta. Presta atención e rodea as palabras coas letras cambiadas!

O avó de Paulo xa non ten a bezaca como a tiña antes. Esquécese das cousas e dos seus nomes, así que lle cambia o nome a todo, incluso ao seu neto. Para o seu avó, Paulo é Simbad o Mariñeiro e ao seu redor só hai barcos tarpais por todas as partes, cargados de filibusteiros dispostos a atacar.

Os pais de Paulo non entenden as ideas do avó, así que deciden envialo a unha residencia a pesar das protestas do seu dorequi neto. Mais a súa relación non remata aí, porque o avó consegue escapar e comunícase con Paulo a través de tarpais que lle vai deixando para que o atope, coma se se tratase da busca dun tesouro!

Así, Paulo zacome unha investigación digna dunha verdadeira historia de piratas, na que atopará o avó tras descifrar as súas xemensas secretas. Desta maneira, Paulo non só descubrirá cousas da vida do seu avó que antes non coñecía, senón que tamén loitará por recuperar o seu avó e conseguir facerlles entender aos seus pais que o máis importante é permaneceren tonxus.

Resumo da obra de FRANCISCO CASTRO: *Chamádeme Simbad*, Editorial Galaxia.

- 2 Escribe correctamente as palabras que rodeaches.

bezaca -cabeza, tarpais-piratas, dorequi-querido, tarpais-pistas,
zacome,-comeza, xemensas- mensaxes, tonxus-xuntos.

- 3 Atopa no resumo, tan rápido como poidas, as palabras que cumpren estas características.

Unha palabra de 5 sílabas	filibusteiros
Unha palabra aguda	avó
Unha palabra grave	xuntos
Unha palabra con hiato	coñecía

- 4 Le rapidamente a seguintes palabras que están ao revés e descubre máis títulos de libros de piratas en galego!

ovozet ob illi A

A illa do tesouro

Bala perdida

Bala perdida

Crónicas corsarias

Crónicas corsarias

Nome: Data: Curso:

1 Clasifica as palabras que representan os debuxos segundo sexan agudas, graves ou esdrúxulas.



Palabras agudas	anel	animal
Palabras graves	piano	bruxa
Palabras esdrúxulas	lámpada	teléfono

2 Le este texto, rodea de vermello catro palabras agudas, de negro catro graves e de verde catro esdrúxulas.

Puxéronse todos moi contentos coa aparición do mestre. Con máis agarimo ca nunca, levárono á aula e pedíronlle que lles explicase unha lección especial. Ese día o mestre faloulles moi emocionado dos países tropicais, de como se coce o pan, dos distintos tipos de volcáns e da formación dos desertos, sen dúbida influenciado pola calor que pasara dentro do cuarto da caldeira.

ANTÓN CORTIZAS: *Xiganano, onde estás?*, Ediciones SM

3 Busca no texto anterior tres palabras coas seguintes características e cópiaas.

- A sílaba tónica é a antepenúltima e levan acento gráfico.

dúbida, pedíronlle, puxéronse

- A sílaba tónica é a penúltima e non levan acento gráfico.

cuarto, caldeira, dentro

- A sílaba tónica é a última e levan acento gráfico.

Antón, estás, volcáns

Le atentamente o texto e responde as seguintes preguntas.

REDUCIR

Non é máis que producir menos residuos. O lixo que acumulamos nas nosas casas ao final do día ten que ser tratado e isto supón un gran custe, tanto ambiental como económico. Se logramos diminuir a cantidade de desperdicios xerados, axudaremos a protexer o medio ambiente e a aforrar cartos. Porque a súa recollida e axeitado tratamento constitúen servizos esenciais que, ao igual que a auga, a luz, a gasolina, etc, debemos pagar. Cantos menos refugallos xeremos, menos refugallos a tratar.

CLAVES PARA REDUCIR

- Consumir de forma responsable. O mellor é elaborar unha lista do que realmente se necesite.
- Evitar a adquisición de produtos sobreenvasados e sobreempaquetados.
- Dar preferencia aos envases grandes e de tamaño familiar, e rexeitar os envoltorios individuais.
- Evitar os artigos de usar e tirar.
- Poñer freo ao consumo desmesurado de bolsas plásticas. Reutilizar as de tea e rafia e recuperar o tradicional carriño da compra. É moito máis cómodo e ecolóxico.

GUÍA DIDÁCTICA
GESTIÓN DE RESIDUOS ORGÁNICOS
NO MODELO SUGAMA

Fonte: Sociedade Galega do Medio Ambiente, sogama.es

1 Cal é a intención do texto anterior?

Explicar como reciclar os produtos.

Explicar o proceso da reciclaxe.

Dar consellos para reducir o lixo.

Ensinar por que reducir non é bo.

2 Onde atoparías este tipo de texto?

Nun anuncio publicitario.

Nun manual de reciclaxe.

Nun manual de instrucións.

Nun folleto que vende produtos reciclados.

3 A que fai referencia o *R* que aparece no título?

Fai referencia a palabra Reducir

Nome:

Data:

Curso:

4 Cal dos seguintes consellos non aparece no texto?

- Non usar bolsas de plástico senón de tea ou rafia.
- Mercar produtos de tamaño familiar.
- Empregar os carriños da compra tradicionais.
- Ir ao supermercado e comprar o que vexamos que nos fai falta.

5 Segues algunha das claves que se mencionan no texto para reducir? Escribe unha clave máis para reducir o uso do papel.

Non arrancar as follas da libreta cando algo me sae mal.

6 Que quere dicir que tratar o lixo supón un *gran custo ambiental*?

- Que canto máis lixo se produce menos contaminamos.
- Que tratar o lixo supón moito gasto para o medio ambiente.
- Que se non reducimos o lixo o medio ambiente non se contamina.
- Que para tratar o lixo non é necesario contaminar moito.

7 Clasifica estes produtos na seguinte táboa.

refrescos en lata

paquetes pequenos de espaguetes

xel tamaño familiar

sacos de fariña de 5 kg

botellas de auga de 250 ml

rede de 6 kg de laranxas

Envases adecuados	Envases non adecuados
sacos de fariña de 5 kg	refrescos en lata
xel tamaño familiar	botellas de auga de 250 ml
rede de 6 kg de laranxas	paquetes pequenos de espaguetes

8 Facedes algo na casa ou na escola para axudar ao medio ambiente? Pensas que é algo importante?

Camiño e non uso o coche nin vehículos que contaminen (a non ser preciso), separo o vidro,

envases e papel nos contenedores adecuados, uso o menos plástico posible.